



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SADA

##### Secretaría

Listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso selectivo para o acceso pola quenda de promoción interna a unha (1) praza de inspector da Policía Local (A/A2) incluída na OEP 2024

Esta alcaldía polo Decreto núm.775/2025, do 16 de abril, aprobou a resolución que a continuación se transcribe literalmente:

Rematado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no proceso selectivo para o acceso, mediante o sistema de concurso-oposición en quenda de promoción interna, a unha praza de persoal funcionario denominada: Inspector-Xefe, pertencente á escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local (escala executiva, categoría inspector), grupo A, subgrupo A2 de clasificación, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2024 (BOP núm.77, 19-4-2024).

Considerando que o anuncio da convocatoria, que determinou o inicio do prazo de presentación de instancias, foi publicado no BOE núm.5 do 28-2-2025.

De conformidade co disposto nas bases específicas do proceso selectivo aprobadas polo Decreto da Alcaldía, núm. 257/2025, do 7 de febreiro (BOP da Coruña núm.30, 13-2-2025) e co disposto, naqueles aspectos aplicables, nas bases xerais para o desenvolvemento da oferta de emprego público para o Concello de Sada do ano 2024, aprobadas polo Decreto da Alcaldía núm. 938/2024, do 16 de maio (BOP núm.104, do 30-5-2024), RESOLVO:

1º.- Aprobar a seguinte relación definitiva de persoas admitidas ao non haber excluídas:

PERSOAS ADMITIDAS				
Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Lingua preferencia enunciado das probas	CELGA 4/Equiv
1	***0209**	Carballo Rodríguez, Alejandro	Castelán	SI

A listaxe definitiva de persoas admitidas publicarase na páxina web municipal, no taboleiro da sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia.

2º.O tribunal cualificador estará composto polos seguintes membros:

Presidente: Daniel Sánchez Villaverde, inspector principal, xefe da policía local do Concello de Arteixo

Suplente: Diana Parente Pampín, inspectora da policía local do Concello de Santiago de Compostela.

Secretaria: Sonia Blanco López, orientadora laboral do Concello de Sada.

Suplente: Andrés Bieito Hernández Mouriño, traballador social do Concello de Sada.

Vogais:

Titular: María José Rodríguez Sanjurjo, inspectora da policía local do Concello da Coruña

Suplente: Daniel Feijoó Palleiro, inspector da policía local do Concello de Arteixo

Titular: María Belén Santiso Felpeto, inspectora da policía local do Concello de Lugo

Suplente: José Luis Piñeiro Santos, inspector da policía local do Concello de Lugo

Titular: José Francisco García Rodríguez, inspector da policía local do Concello de Santiago de Compostela.

Suplente: María Elisa Gómez Ferreiro, técnico de xestión de administración local do Concello de Sada.

3º. A constitución do tribunal cualificador terá lugar o día 28 de abril de 2025, ás 9.30 horas na Sala de Xuntas da Casa do Concello, situada na Avda. do Porto,24, de Sada. O desenvolvemento da fase de méritos terá lugar acto seguido.

O que se publica para coñecemento xeral

Sada, 16 de abril de 2025

O alcalde.: Óscar Benito Portela Fernández